



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Os deputados **Ramón Vázquez Díaz** e **Xabier ron Fernández**, membros do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguintes Pregunta para a súa resposta oral na Comisión IV, relativa ás diversas irregularidades denunciadas por parte do profesorado do IES Vilamarín.

Os Gobernos do Partido Popular están impulsando un modelo de xestión e convivencia dos centros educativos no que a participación e a democracia se ven obstaculizadas por un férreo cinto normativo.

A Lomce dilúe de xeito evidente as funcións dos Consellos Escolares quedando relegados a un órgano meramente consultivo e o papel dos Claustros de Profesores e das ANPAS, convertidos en puramente testemuñais. Por outra banda as direccións dos centros e as equipas directivas pasan a ter poderes case plenipotenciarios atentando gravemente contra o funcionamento democrático dos centros educativos.

A orde para o nomeamento de directores aprobada polo Goberno Galego, neste mesma liña, permite o nomeamento a dedo dos máximos responsables dos centros educativos, ignorando á comunidade educativa, afectando á igualdade de oportunidades e sobre todo, prexudicando ó clima de convivencia dos centros.

As mostras de descontento e os problemas de xestións provocados por este marco normativo están sendo frecuentes e a inacción do Goberno Galego para resolvelas, o

seu *modus operandi* recorrente.

A situación que está a vivir a comunidade educativa do IES Vilamarín na Provincia de Ourense, aínda que leva varios anos xermolando, vese agudizada por este enfoque antidemocrático establecido polo Partido Popular que está a propiciar non poucos problemas de xestión e convivencia no centro.

Un grupo de profesores e profesoras do IES Vilamarín ten denunciado de xeito reiterado e por diferente vías, numerosas irregularidades que segundo eles mesmos testemuñan, afectan ao correcto funcionamento do centro e abranguen diferentes eidos de actuación que van dende os aspectos orzamentarios e económicos do Instituto, ó funcionamento dos órganos colexiados como o Consello escolar e o Claustro de Profesores, á constitución departamentos educativos como a equipa de normalización lingüística, á confección dos horarios, á realización da programación xeral anual, á instalación de cámaras de vídeo vixianza e un longo etc.

De feito, o profesorado do centro leva presentado mais de 30 escritos reclamando a intervención dos responsables da Consellería de Educación sen que ata o momento, se teña posto remedio nin intervido nas problemáticas sinaladas.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta en Comisión:

-Ten constancia a Consellería de Educación das denuncias realizadas polo profesorado do IES Vilamarín? En caso afirmativo, ten pensado facer algo para resolver os problemas referidos polos docentes deste centro?

-Iniciou a Consellería algún tipo de investigación para aclarar os feitos denunciados polo profesorado do IES Vilamarín e resolver a situación creada no mesmo?

-Tendo en conta os feitos denunciados e os seus antecedentes, valorou ou valora a Consellería de Educación realizar unha auditoría das contas do IES Vilamarín?



-Considera a Consellería de Educación que o funcionamento dos órganos colexiados e de participación do IES Vilamarín favorece a democracia interna do centro e o clima de convivencia e aprendizaxe do mesmo?

En Compostela, a 23 de marzo do 2015.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 23/03/2015 13:58:12

Jose Javier Ron Fernandez na data 23/03/2015 13:58:20